


# A ARTE DA RECICLAXE

Educación Primaria





A arte da reciclaxe. Orientada ao ciclo de Educación primaria e axeitada para traballar con alumnado necesidades específicas de apoio educativo.

Sitúase na área de Coñecemento de Ciencias Naturais na Unidade Didáctica "Reciclaxe".



## Colorea e constrúe a caseta de Man

Dobra polas liñas continuas e recorta polas de puntos. Pega as pestanas raiadas co seu número correspondente. Pecha cun adhesivo a caseta.



### Obxectivos:

- Recoñecer e clasificar obxectos atopados na contorna.
- Manipular correctamente eses obxectos.
- Diferenciar o que son restos biodegradables dos que non o son.
- Crear un elemento novo elemento a partir de ensamblaxe de outros

### Contido:

- A contorna, formamos parte dela.
- O coidado da natureza.
- A historia de Man de Camelle.

### Preparativos:

- Programación dun paseo por unha paraxe natural.
- Bolsiñas individuais para recollida de pequenos materiais.
- Material: pegamento e pinturas de cores.
- Cámara de fotos.

### Desenvolvemento da actividade:

#### 1ª Parte (fóra da aula):

- Paseo por unha paraxe natural.
- Recollida de pequenos obxectos atopados nesa paraxe.

#### 2ª Parte (na aula):

- Escollida de obxectos, por cores e formas.
- Cada alumno/a fará a partir dos obxectos seleccionados un novo elemento, como facía Man, enganchoando uns con outros, recortándoos ou pintándoos.
- Cada alumno/a colocará sobre a folla facilitada na que apareza o seu nome, a súa idade e o título da súa creación. Ademais despois o alumno/a poderá empregar esta folla para coorear e realizar unha réplica da caseta de Man.
- Pase de fotos na aula e subida das fotos ás redes sociais do proxecto MAN na súa web.

<http://www.mandecamelle.com/participa>





# Crebas

Naturais:  
oso de animal pintado



Artificiais:  
botes de plástico  
deformados con fogo



Nome:

Data: